Vivir Hoxe | GALICIA | AULAS | SOCIEDADE

vivir@galicia-hoxe.com

Adega critica que a Xunta deseña o mapa de espazos protexidos seguindo os intereses empresariais Denuncia a existencia de 'ocos' para dar cabida a proxectos como as piscifactorías

REDE NATURA Á CARTA

RECORDAN QUE, COA LEXISLATURA A PIQUES DE REMATAR, A AMPLIACIÓN SEGUE A ESTAR NO AIRE

R. Fernández · Santiago

A proposta de ampliación da Rede Natura galega está deseñada seguindo os intereses das empresas acuícolas e eólicas. Esta é a denuncia feita onte por Adega durante unha roda de prensa celebrada en Santiago, na que recordaron que, coa lexislatura a piques de rematar, a prometida ampliación dos espazos protexidos segue no aire. "O conselleiro de Medio Ambiente prometeu en 2007 duplicar a superficie da Rede Natura para que Galicia deixe de ser a zona do Estado máis desprotexida a nivel ambiental. Un ano despois tan só temos unha proposta de ampliación non oficial, chea de buratos e límites irregulares para dar resposta ós intereses económicos", asegurou o secretario de organización de Adega, Martiño Fiz.

Estes "ocos" ou "buratos" son especialmente apreciables na franxa litoral, onde a liña de protección sofre determinados saltos que, segundo denunciou o secretario executivo de Adega, Fins Eirexas, serven para encaixar os proxectos promovidos polas industrias acuícola, eólica, hidroeléctrica ou ó plan de portos deportivos.

Corrubedo, unha zona para protexer que sae do mapa

O caso máis evidente é o de Corrubedo, en Ribeira. Tal e como se pode ver no gráfico, a proposta de ampliación da Consellería de Medio Ambiente prevé un aumento da superficie do Parque Natural ata o concello de Porto do Son, así como a protección do Cabo Corrubedo, lugar onde inicialmente se fía instalar unha piscifactoría. Non obstante, a pesar de que a protección segue a liña de costa, Medio Ambiente decidiu deixar fóra da Rede Natura a Laxe Brava, unha superficie que encaixa perfectamente co que vai ser a granxa de rodaballos máis grande do país.

Dende Adega recordan que esta zona ten os mesmos valores ecolóxicos que as áreas protexidas lindantes e por iso, na proposta de ampliación presentada no 2007, esta zona quedaba incluída na Rede Natura. "¿Perdeu a Laxe Brava o seu valor ambiental? Non. O que pasa é que era preciso deixar a zona libre para dar cumprimento ás ordes do lobby acuícola", sentenciou Eirexas.

Esta mesma situación repítese en numerosos tramos de costa. Así, a proposta de creación do LIC Serra da Groba deixa na marxe unha zona de hábitats prioritarios no que está instalado o parque eólico 'Albariño I'. O mesmo ocorre na costa de Oia, con dous saltos para as piscifactorías de Mougás e Orelludas, en Quilmas, cunha franxa intermedia sen protexer para a futura ampliación da granxa acuícola, cun novo salto nas costas de Muxía e Camariñas para as plantas de Merexo, Arou e Camelle, ou entre a ría do Eo e o LIC das Catedrais para a piscifactoría do Corvo.

Toda unha mostra, segundo Adega, de que os espazos protexidos son utilizados como un instrumento de troco para dar cabida a plans tan insustentables como o acuícola. Unha situación que non e exclusiva do litoral tal e como demostra a exclusión da Rede Natura da Serra do Eixo, perfecto corredor ecolóxico entre o Macizo Central e Pena Trevinca, para dar cabida a un parque eólico; o buraco do Courel para consentir a actividade louseira; ou proxectos minicentrais que, ó non estar previstos en zonas que aínda non están en Rede Natura, conseguirán o visto e prace.

Ante esta situación, Adega esixiulle onte a Medio Ambiente que presente unha ampliación da Rede Natura que solucione os ocos existentes, de forma que os plans sectoriais teñan en conta os espazos que cómpre protexer. A maiores, dende a asociacion ecoloxista esperan que esta medida, así como o Plan de Ordeamento do Litoral, se aproben nesta lexislatura, evitando así o saqueo e a política depredadora do país que puxo en marcha o goberno de Fraga e que se viu perpetuado polo actual bipartito. ●



LIC–Lugar de Interese Comunitario

FONTE: ADEGA Infografía: RP

A REACCIÓN

Medio Ambiente prevé iniciar os seus trámites o próximo outono

A Consellería de Medio Ambiente afirmou onte que prevé iniciar o próximo outono a tramitación parlamentaria para adaptar a Lei Galega de Conservación da Natureza á lei estatal, como paso previo para a aprobación da ampliación da Rede Natura 2000.

Segundo explicou Medio Ambiente, esta ampliación suporá o "paso final" ao "esforzo" realizado polo departamento autonómico durante esta lexislatura e que permitirá "case duplicar" a superficie actual, que pasará das 344.580 hectáreas ás 519.760 en superficie terrestre, superando as 600.000 co espazo mariño. A Consellería de Medio Ambiente realizará un "proxecto máis ambicioso que o previsto inicialmente", cun incremento da superficie protexida ata un 18 %, e que "supera a proposta inicial realizada polos grupos ecoloxistas", que pedía un 13%. A finais de 2006, o ecoloxismo galego solicitou esta porcentaxe "mínima" para que a Rede Natura cubrira as "illas" que quedaban fora dos LIC, a go que segundo Adega, a actual proposta segue sen cubrir. A este respecto, Medio Ambiente advirte de que a proposta foi realizada por expertos "de recoñecido prestixio", con base en "valores naturais do territorio" e, aseguraron, "os proxectos eólicos e acuícola previstos adaptáronse á proposta elaborada e non ao revés".